

ORDENANZA SOBRE CICLOMOTORES ATA 50 c.c:

"Exposición de motivos:

É ben coñecido de todos o aumento do número de ciclomotores na circulación da nosa cidade, fundamentalmente manexadas por persoas xóvenes.

A nova Lei 18/1989 de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e a lexislación que a desenvolve deixa ós Concellos a potestade de actuar sobre a identificación e control dos mencionados ciclomotores de cilindrada inferior ós 50 c.c.

Asimesmo, dita Lei recolle a obriga de que os conductores dos ciclomotores usen o casco protector homologado como medida importante de seguridade persoal.

A presente ordenanza pretende cumpli-los seguintes obxetivos:

- a) Poseer un arquivo que permita en todo momento coñecer ó titular dese vehículo.
- b) Poder correxir infraccións de tráfico que neste intre os Axentes a pé vense imposibilitados.
- c) Unha clara identificación deste tipo de vehículos e dos seus titulares, que nalgunhas ocasións evitan a denuncia de infraccións.
- d) Preve-la sustracción destes vehículos e a súa difícil identificación posterior, ó non poseer ningún tipo de rexisto dos mesmos.

Articulado

Artigo Primeiro: Todo propietario dun ciclomotor cunha cilindrada igual ou inferior a 50 c.c. ten a obriga de inscribilo no Concello no prazo de dez días hábiles dende a súa adquisición, sen este requisito non se autorizará a súa circulación, procedendo a súa inmovilización.

Artigo Segundo: Co fín de inscribi-lo vehículo no correspondente rexistro, o interesado, deberá cumprimentar un impreso que se facilitará polo Concello, segundo o modelo que figura como anexo á Ordenanza, achegando os seguintes documentos:

- a: Fotocopia do D.N.I.
- b: Fotocopia do Certificado de características ou de fabricación, e calquera outro documento no que conste a marca, modelo, número de bastidor e cilindrada.

Artigo Terceiro: Unha vez realizada a inscrición no Concello facilitaráselle unha praca de dimensións idénticas á que figura anexa á Ordenanza, polo prezo de 2.000 pesetas.

Artigo Cuarto: O propietario, no momento de proveerse da praca recollerá o Permiso Municipal de Circulación, que lle será facilitado gratuitamente polo Concello.

Artigo Quinto: A praca de matrícula colocarse na parte posterior do ciclomotor. A colocación de dita praca será por conta do propietario do vehículo.

Artigo Sexto: As transferencias do ciclomotor, que será obrigatorio legalizar realizaranse do seguinte xeito:

- a) Cubrindo o impreso que se facilitará no Concello
- b) Presentar fotocopia do D.N.I. do comprador
- d) Presentar Permiso Municipal de Circulación asinado na parte posterior do cedente.

Artigo Sétimo: A Policía Municipal encargarse da vixianza da presente Ordenanza, o seu incumprimento levará aparexada a sanción de 5.000 pesetas.

Artigo Oitavo: O imposto de Circulación de Ciclomotores será o sinalado na correspondente Ordenanza do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Disposición final: Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia".